

**PONTE CALDELAS****A N U N C I O**

Por Resolución de Alcaldía de data 31 de outubro de 2014 procedeuse á aprobación do expediente de contratación mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, do contrato de subministro de tres fotocopiadoras en réxime de renting e o seu mantemento do Concello de Ponte Caldelas, cos seguintes datos:

**1. ENTIDADE ADXUDICADORA:**

Datos xerais e datos para a obtención da información:

- a) Organismo: Concello de Ponte Caldelas
- b) Dependencia que tramita o expediente: Servizos xerais.
- c) Obtención de documentación e información:
  - 1) Dependencia: Oficinas xerais do Concello de Ponte Caldelas
  - 2) Domicilio: Avda. de Galicia, nº 17
  - 3) Localidade e Código Postal: Ponte Caldelas, 36820
  - 4) Teléfono: 986750001/13 – ext. 2
  - 5) Fax: 986750020
  - 6) Correo electrónico: [alcaldia@pontecaldelas.org](mailto:alcaldia@pontecaldelas.org)
  - 7) Enderezo de internet do Perfil de Contratante: [http://www.pontecaldelas.org/perfil\\_gal.htm](http://www.pontecaldelas.org/perfil_gal.htm)
  - 8) Data límite de obtención de documentación e información: último día de presentación de ofertas.

**2. OBXECTO DO CONTRATO:**

- a) Tipo: Contrato de subministro en réxime de renting.
- b) Descrición: contratación mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, do contrato de subministro de tres (3) fotocopiadoras en réxime de renting e o seu mantemento do Concello de Ponte Caldelas.
- c) Duración e admisión de prórroga: 48 mensualidades, sen posibilidade de prórroga, a contar dende a formalización do contrato.

**3. TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO:**

- a) Tramitación: ordinaria.
- b) Procedemento: aberto.
- c) Poxa electrónica: non.
- d) Criterios de Adxudicación: varios criterios de adxudicación. Cláusula 15 dos pregos.

**4. VALOR ESTIMADO DO CONTRATO:**

A retribución económica máxima que percibirá o adxudicatario ascende á contía de 9.680,00 €, desglosado nun valor estimado de 8.000,00 €, e un IVE de 1.680,00 €. Non se entende incluído neste prezo o custo/copia que será facturado de xeito independente (salvo os lotes que van incluídos como melloras do prezo).

**5. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN:**

A retribución económica máxima que percibirá o adxudicatario ascende á contía de 9.680,00 €, desglosado nun valor estimado de 8.000,00 €, e un IVE de 1.680,00 €, polo que se realiza a mellora mediante baixa respecto deste.

**6. GARANTÍA ESIXIDA:**

- Provisional: non se esixe.
- Definitiva: 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE.

**7. REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA:**

- a) Clasificación: Non esixida.
- b) Solvencia económica e financeira e solvencia técnica e profesional: Cláusula 13 dos pregos.

**8. PRESENTACIÓN DE OFERTAS OU DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN:**

- a) Data límite de presentación. O prazo de presentación de proposicións será de quince (15) días hábiles contados a partir do seguinte ao de publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.
- b) Modalidade de presentación. Os sobres de que consta a proposición presentaranse, no Rexistro Xeral do Concello de Ponte Caldelas, en horario de 9,00 a 14,00 horas ou enviaranse por correo. Cando as proposicións se presenten por correo o interesado deberá xustificar co resguardo correspondente á data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar o mesmo día ao órgano de contratación por fax, telex ou telegrama a remisión da proposición; sen cumprir estes requisitos non se admitirá a proposición no caso de que se recibira no rexistro xeral fóra do prazo fixado no anuncio de licitación. En todo caso, unha vez transcorridos os diez días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, esta non será admitida.
- c) Lugar de presentación:
  - 1) Dependencia: Oficinas xerais do Concello de Ponte Caldelas
  - 2) Domicilio: Avda. de Galicia, nº 17
  - 3) Localidade e Código Postal: Ponte Caldelas, 36820
  - 4) Teléfono: 986750001/13 – ext. 2
  - 5) Fax: 986750020
  - 6) Correo electrónico: *alcaldia@pontecaldelas.org*

**9. APERTURA DE OFERTAS:**

- a) Descrición: Público.
- b) Enderezo: Avda. de Galicia, nº 17.
- c) Localidade e código postal: Ponte Caldelas, 36820.
- d) Data e hora: Será publicado no Perfil do Contratante do Concello de Ponte Caldelas.

**10. GASTOS DE PUBLICIDADE:**

Os gastos xerados pola publicidade da licitación nos diarios oficiais que procedan, co límite precisado no artigo 75 do RCAP.

Ponte Caldelas, 31 de outubro de 2014. – O Alcalde, Perfecto Rodríguez Muíños.

**2014009346**

\* \* \*

**PONTEAREAS****RESOLUCION DA ALCALDIA**

*Asunto:* Aprobación da lista cobratoria sobre taxas e prezos públicos por 3º trimestre 2014, por importe de 396.998,17-€.

Remitido por VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, S.A.U. e en base as facultades que me concede a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, pola presente